



Descubre

# Coirós

Guía Xeral

Manuel Fiaño Sánchez  
Miguel Gayoso Barreiro



Deputación  
DA CORUÑA



Concello de Coirós





# ÍNDICE

## Descubre Coirós. Guía Xeral.

<b>Limiar</b>	<b>5</b>
Concello de Coirós	7
<b>San Vicente de Armea</b>	<b>19</b>
<b>San Salvador de Colantres</b>	<b>25</b>
<b>San Xulián de Coirós</b>	<b>35</b>
<b>Santa Mariña de Lesa</b>	<b>47</b>
<b>Santiago de Ois</b>	<b>55</b>
<b>Santa María de Ois</b>	<b>63</b>
<b>Guía de comercio, turismo e servizos</b>	<b>73</b>
Coirós, concello da Biosfera	76
<b>Fontes documentais</b>	<b>79</b>

# Descubre Coirós. Guía Xeral.

Deseño de cuberta: Manuel Fiaño Sánchez e Miguel Gayoso Barreiro

1ª edición: 2023

© Manuel Fiaño Sánchez e Miguel Gayoso Barreiro 2023  
*As imaxes son propiedade dos autores.*

2

Depósito Legal: C 1630-2023

Imprime:  
Imprenta Provincial  
Archer Milton Huntington, 24  
15011 A Coruña

Esta edición foi realizada coa colaboración de



*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

Edición non venal. Exemplar non suxeito á venda.







## LIMIAR

A Guía que tes nas túas mans pretende ser unha viaxe polo pequeno, pero interesante, concello de Coirós. Nela propoñémosche un percorrido polos lugares simbólicos deste recuncho das Mariñas, para que descubras a súa arquitectura e a súa paisaxe, ofrecendo á vez unha visión xeral de tódolos servizos cos que contan, tanto os seus habitantes como os que se ofertan para os visitantes.

Quixemos facer un traballo fundamentalmente gráfico, coa imaxe como elemento principal, apoiada por textos curtos que facilitarán unha información básica.

Se queres ter unha información moito máis detallada do concello, só tes que seguir os Códigos QR que se inclúen nos distintos apartados e que amplían ou complementan o contido dos mesmos. Hai dous tipos de códigos: os códigos «enlace Web» conectan con sitios web de establecementos comerciais, asociacións e organismos públicos, mentres que os códigos «saber máis» permiten acceder a distintos traballos editados con información sobre lugares, feitos históricos ou datos de interese sobre o concello.

Se esta Guía serve para que aquelas persoas que aínda non teñen a sorte de coñecer Coirós descubran o seu encanto e beleza, e para que os que xa o coñecen se sintan un pouco máis orgullosos de telo descuberto, o noso obxectivo estará sobradamente cumprido.

Para todos eles e, sobre todo, para os veciños e veciñas de Coirós, vai dedicado este humilde traballo.

Os autores

*Esta publicación en formato dixital permite acceder á información complementaria, tanto no teléfono móbil como no ordenador, clicando directamente sobre os códigos QR, xa que están ligados aos espazos web sen necesidade de proceder á lectura do dos mesmos.*





# Coirós



## Concello de COIRÓS



O Concello de Coirós, cunha extensión de 32,8 km<sup>2</sup>, representa tan só o 0,43 % do total provincial.

O territorio está distribuído en seis parroquias: Armea, Colantres, Coirós, Lesa, Santiago de Ois e Santa María de Ois.

### Situación

Coirós é un concello do interior da provincia da Coruña, localizado ao Noroeste da mesma. Forma parte da comarca de Betanzos. Está delimitado xeográficamente polas concas dos ríos Mandeo e Mendo. Limita ao Norte con Betanzos e Paderne; ao Sur con Oza-Cesuras e Aranga; ao Oeste con Oza-Cesuras; e ao Este con Aranga e Irixoa.

8



### Distancias a puntos de interese

- Aeroporto da Coruña: 32 kms. (A6 - AC14)
- Aeroporto de Santiago: 62 kms. (A6 - AP9)
- Estación Ferrocarril Coruña: 38 kms. (A6)
- Porto Exterior Coruña: 44 kms. (A6 - AG55 - AC15)
- Porto Exterior Ferrol: 58 kms. (AP9 - N655)



### Principais vías de comunicación

A rede viaria principal de Coirós está integrada pola Autoestrada A6 que atravesa o concello de Este a Oeste e a estrada N6 que vai de Norte a Sur. O enlace entre estas dúas vías faise no lugar de Lapela da parroquia de Santa Mariña de Lesa.

A rede complétase con catro estradas provinciais que unen Coirós con outros concellos limítrofes e multitude de vías municipais.





## Notas xeográficas

Coirós está asentado entre os vales formados polo río Mandeo, que ten como afluentes principais o río Vexo, o Regato das Pías e o Rego das Bouzas e o río Mendo que recibe as augas do Rego de Tararou.

As cotas máis elevadas do concello atópanse no Monte do Gato, cos 506 m. do Pico da Felga e os 448 m. de Fonte do Oso.

Outra elevación destacable é o Monte Espenuca cunha altura superior aos 290 m.

## Clima e relevo


O termo municipal caracterízase por un relevo con grandes desniveis motivado por ser escalón de tránsito entre a meseta lucense e as mariñas coruñesas. Os núcleos poboacionais aséntanse principalmente nunha superficie plana enmarcada polos vales dos ríos Mandeo e Mendo.

En canto á xeomorfoloxía, o concello pertence ao denominado “Complexo de Ordes”.

Coirós goza dun clima suave, típicamente oceánico, con temperaturas medias anuais tamén suaves, con pequenas oscilacións, o que se traduce en veráns frescos e invernos templados, acadando unha media anual de 12,3º.



## Evolución histórica poboacional



## Distribución da poboación

O concello de Coirós conta con unha poboación total de 1.913 habitantes (INE 2022) distribuídos nas seis parroquias que o compoñen: San Vicente de Armea (64), San Salvador de Colantres (303), San Xulián de Coirós (597), Santa Mariña de Lesa (300), Santiago de Ois (172) e Santa María de Ois (477).



## Sabías que ...

No ano 846 as tropas de Galicia, capitaneadas polo rei Ramiro I, fixeronlles fronte aos vikingos, derrotándoos na batalla que tivo lugar en terras de Coirós.



## Apuntes históricos

Durante o período histórico coñecido como “Antigo Réxime” as parroquias que hoxe en día conforman o concello de Coirós pertencían á antiga provincia de Betanzos.

Coa Constitución de 1812 aparece o concello de Lesa, integrado polas parroquias de Coirós, Ois (Sta. M<sup>a</sup>), Ois (Stgo.), Lesa, Colantres, Armea e Espenuca, e como alcalde o veciño Pedro Golpe.

O 26 de agosto de 1836 será cando se constitúa de xeito definitivo o concello de Coirós composto polas sete parroquias anteriores, con un total de 1.497 almas. Nesta etapa o alcalde sería José Vázquez e como secretario foi nomeado o veciño de Espenuca José Corral.



Campanario de Espenuca en 1920 (Imaxe: ARG)



## Infraestrutura administrativa

Os servizos administrativos concéntranse no edificio da casa do concello, situado no lugar de Coirós de Arriba.

Na planta baixa están as oficinas municipais, o despacho da Alcaldía e os servizos de secretaría e urbanismo. No primeiro andar está o Salón de Plenos e as oficinas do Xulgado de Paz.



## Edificio de Servizos Múltiples

Situado a carón da estrada N6 e en fronte á casa consistorial, este edificio municipal de nova creación comezou a utilizarse no ano 2005. Está distribuído en dúas plantas e un soto, onde teñen cabida unha biblioteca, unha aula de informática, o Centro de Información á Muller (CIM), a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) e as oficinas da educadora familiar e da traballadora social. As instalacións complétanse con un salón de actos, unha aula para maiores e o arquivo municipal.





### Abastecemento de auga

O abastecemento de auga para toda a poboación do concello realízase mediante captación no curso alto do río Fervenzas, no lugar de O Fervencedo, do concello de Aranga. Esta captación está incrementada por unha segunda no curso medio do mesmo río, no lugar de Tralocastro, da parroquia de Santa María de Ois. O depósito regulador está situado na mesma parroquia de Ois, no lugar da Pedreira.



## Servizos de abastecemento de auga e saneamento



### Estación depuradora de augas residuais (EDAR)

Construída no lugar de Os Chas, a carón da estrada provincial CP-2702, que desde a N6 vai a Espenuca.

A estación da servizo á maior parte das parroquias do concello ademais do parque empresarial de Pedrapartida.

A rede de saneamento municipal complétase con outras depuradoras máis pequenas que dan servizo ao resto dos núcleos de poboación, que debido á orografía do terreo non é posible conectar coa EDAR principal.

Toda a infraestrutura está xestionada pola empresa Espina & Delfin





## Complexo deportivo “A Cortella”



No lugar de A Cortella, da parroquia de san Xulián de Coirós, atópase o complexo deportivo municipal que leva o mesmo nome. Conta cun campo de fútbol, pista de tenis, piscina descuberta e pavillón polideportivo no que se desenvolven diversas actividades ao longo do ano.



## Centro de Saúde

Situado no lugar de Figueiras, este centro de atención primaria presta servizos de medicina xeral, atención urxente e enfermaría en horario de mañá, de luns a venres.

Foi inaugurado en outubro de 1989 e conta con persoal de medicina, enfermaría e administración.

O Punto de Atención Continuada (PAC) atópase en Betanzos.



## Centros educativos

A infraestrutura educativa de Coirós acolle a nenos e nenas de 0 a 5 anos e está composta por:

- Unha Escola de Educación Infantil (0-3 anos), dotada de 20 prazas públicas, xestionada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia.

- Unha Escola de Educación Infantil (2º ciclo 3-5 anos). Foi inaugurada no ano 2021 e conta con dúas aulas mixtas. Ofrece servizos de transporte, comedor e apertura anticipada.





## Servizos financeiros

ABANCA ofrece un servizo de autobús oficina un día á semana, estacionado en fronte do edificio de servizos múltiples, no que se poden realizar todo tipo de operacións bancarias.

A mesma entidade financeira dispón dun caixeiro automático situado a carón da casa consistorial.



<https://sigpac.mapa.gob.es/fega/visor/>



## Parque empresarial Pedrapartida

O Parque Empresarial “Pedrapartida” está enclavado entre a autoestrada do Noroeste A6 e a estrada N6, á que ten acceso directo. A escaso quilómetro e medio atópase o enlace coa A6. A súa construción foi promovida en 1999 por Xestur Coruña cunha extensión inicial de 256.000 m<sup>2</sup>. Iniciou o seu funcionamento no ano 2001. Posteriormente leváronse a cabo dúas fases de expansión, que ampliaron a superficie bruta en 184.000 m<sup>2</sup>.

A maior parte da superficie está destinada a uso industrial e comercial, destacando empresas como “Aluminios Cortizo S.A.”, “Fisal S.L.”, “Cofano”, “Frior S.L.” ou “Scania Hispania S.A.” entre outras.

15



## Sector agrícola

O sector agrícola en Coirós está especializado fundamentalmente na produción hortícola, destacando o cultivo de puerros, cebolas, repolos, grelos, berzas e outros. O destino principal é a comercialización cara as grandes cadeas de distribución.

O envellementamento da poboación e o conseguinte abandono de terras agrícolas desembocou na aparición de empresas dedicadas á produción extensiva, como a que en Santa María de Ois xestiona cerca de 9 hectáreas de produción de kiwi.



16

## Sector gandeiro

A gandeiría tradicional, ligada a explotacións de tipo familiar, foi desaparecendo paulatinamente a finais do século XX. Hoxe en día quedan poucas explotacións de gando vacún.

Pertencente ao grupo empresarial COREN, a explotación porcina “A Ponte” situada no lugar da Anta, da parroquia de Santa María de Ois está dedicada á cría de porcos de cebo e nais reprodutoras.

## Sector forestal

O sector forestal en Coirós ten unha incidencia importante dentro da economía productiva, representando unha fonte complementaria de ingresos para as economías familiares.

A gran maioría dos montes arborados son de xestión privada, divididos en pequenas parcelas, con un cultivo predominante da especie eucalipto.

Destaca, pola súa extensión e aproveitamento, o Monte Veciñal “Recebés ou Costa do Sal” con unha superficie de 125 hectáreas, xestionado pola Comunidade de Montes de Santa María de Ois.



Imaxe: Manuel Vázquez Varela.



## Reserva de Biosfera

Coirós está integrado na “Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas” xunto con outros dezaseis concellos da contorna.

A aprobación desta Reserva pola UNESCO tivo lugar en maio de 2013, sendo única da provincia da Coruña.




## Asociación de desenvolvemento rural

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” constitúese no mes de xullo do ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural. A Asociación de desenvolvemento rural é a entidade xestora da “Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas”, tendo como obxectivos a posta en valor do patrimonio natural, cultural e a cohesión social.



Imaxe: Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

## Rede Natura 2000



Imaxe: Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

Coirós forma parte da Rede Natura 2000, que é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa.

O ZEC (Zona de Especial Conservación) Betanzos - Mandeo inclúe os principais cauces fluviais (os ríos Mandeo e Mendo) da cunca do río Mandeo, englobando na parte final os ecosistemas mariños e fluviomariños que se atopan na Ría de Betanzos. Deste modo, este espazo ocupa unha superficie de 1.020 ha, repartidas entre os municipios de Bergondo, Miño, Betanzos, Paderne, Oza - Cesuras, Coirós, Irixoa e Aranga.

## Custodia do territorio

Fragas do Mandeo é unha entidade de custodia do territorio que ten como fin a preservación da biodiversidade na comarca coruñesa de As Mariñas, tendo unha boa parte do seu territorio de actuación en Coirós.

Adquire fincas de interese ambiental mediante compra, doazón ou legado, e tamén a través de acordos cos propietarios de parcelas.

En Coirós, ademais de parcelas adquiridas, ten cedidos terreos por parte do Concello, como o da Reserva de anfibios do Catorce. No monte de Espenuca leva a cabo unha importante actividade, recuperando o bosque autóctono nese enclave.



18



## Os Montes do Gato

Os Montes do Gato son os cumios mais altos da bisbarra de Betanzos. Están ubicados nos concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, sendo límite natural entre eles.

É un espazo de importante valor natural pola biodiversidade que contén, pero tamén un importante patrimonio histórico. Neste cordal atopamos xacementos arqueolóxicos con petróglifos e mámoas, ademais de vestixios históricos como o Castelo do Rei Teodomiro, datado no século VI.

As parcelas están delimitadas por muros de pedra seca, declarados patrimonio da Humanidade pola Unesco. Neste enclave hai sinalizadas varias rotas de sendeirismo.

Punto singular é o Pico da Felga, vértice xeodésico con 506 metros de altitude, que constitúe un espléndido miradoiro cunhas vistas de gran valor paisaxístico.



# San Vicente de Armea


LUGAR  
DE  
ARMEA



## Parroquia de SAN VICENTE DE ARMEA



Armea é a parroquia situada máis ao norte do concello, limitando xa con Betanzos. Os seus 1,8 km<sup>2</sup> representan o 5,49% do total municipal. Conta cun só núcleo de poboación: Armea, onde se concentran os seus habitantes.



20

**cómo chegar**

Desde a estrada N-6, en Queirís, coller a estrada que vai ao lugar de Chelo e na primeira bifurcación virar á esquerda





21

## Igrexa

A igrexa parroquial de San Vicente de Armea é un templo de traza simple, sen un estilo definido, de planta rectangular con unha soa nave. A fachada principal é lisa e carece de calquera tipo de adorno. No século XII esta igrexa foi doada polo rei Alfonso VII ao mosteiro de San Salvador de Cis, pertencente ao Arcediago de Nendos. A parroquia foi anexa a San Salvador de Colantres.

### Sabías que...

As Festas Patronais de Armea celébranse o 22 de xaneiro na honra do seu patrón San Vicente.







«Mandeo inorde ó son da noite  
As ondas do río devalaban lenes  
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite»

*Uxio Novoneira (de "Poema dos Caneiros", 1955)*

### Campo dos Caneiros

Na marxe dereita subindo polo curso do río Mandeo, xa nos lindes entre os concellos de Betanzos e Coirós e no límite onde o río é navegable para as pequenas embarcacións, atópase o lugar coñecido como "Campo dos Caneiros", onde cada ano nos días 18 e 25 de agosto se celebra a famosa romaría fluvial que leva o seu nome.



Paz y Vila na plantación do campo dos Caneiros (1901).  
Imaxe: Arquivo Municipal de Betanzós.



As terras de Armea son apropiadas para o cultivo da vide.  
Na ribeira do río Mandeo medran os acios que despois se van  
transformar en exquisitos viños para deleite dos máis refinados padales.  
Viños que se inscriben na Indicación Xeográfica Protexida (I.X.P.)  
«Viños da Terra de Betanzos»







## Sabías que...

En Armea sitúase o nacemento no s. XIII do xograr chamado Pero d'Armea e da soldadeira María Pérez "A Balteira".

Da actividade de ámbolos dous hai abundosa documentación que os sitúa na Corte do rei Alfonso X "O Sabio".

Pero d'Armea é autor de 13 cantigas de amor, 1 cantiga de escarnio e 4 cantigas de amigo.

"A Balteira" foi unha das máis famosas mulleres que cantaban e bailaban para os cortesáns na época medieval.

Na memoria destes dous personaxes érguese na súa aldea natal, un monolito por iniciativa da Asociación Cultural e Recreativa Colantres e o concello de Coirós.

## Fonte e lavadoiro

Na parroquia consérvase en bo estado esta fonte. Ao seu carón hai un lavadoiro de bo tamaño, dotado dunha soa pía con pedras de lavar por tres dos lados. Está cuberto a unha auga con tella do pais sobre columnas de cemento.





# San Salvador de Colantres



## Parroquia de SAN SALVADOR DE COLANTRES



San Salvador de Colantres atópase ao N. do concello, entre as parroquias de Coirós e Armea. É a parroquia máis pequena do termo municipal. Con tan só 1,2 km<sup>2</sup> representa o 3,66% do total do territorio. As entidades de poboación son: Colantres, Mende e Queirís.

26



**cómo chegar**

Os núcleos principais da parroquia de Colantres atópanse na estrada N-6 entre os puntos quilométricos 569,5 e 570.





1

## Igrexa

A igrexa de san Salvador de Colantres pertence ao románico rural galego do século XII. Anos máis tarde da súa construción engadiuse unha sacristía ao prebisterio e outra estancia á nave. A edificación é de planta rectangular, cuberta a dúas augas e con muros construídos de cantería e cachotería, con contrafortes. A nave está cuberta con bóveda de canón apuntada, con seteira no testeiro.

No interior do templo un arco triunfal que descansa sobre columnas apegadas con capiteis de talla basta e bases con detalles decorativos, separa a nave da sacristía. Sobre o testeiro da nave, coroando o piñón, hai unha sinxela cruz antefixa de brazos iguais inscritos nun círculo.



### Sabías que...

Colantres celebra as súas festas patronais polo Corpus Christi.







## Centro de Interpretación da Natureza

O Centro de interpretación da Natureza dependente da Deputación provincial da Coruña, promove o coñecemento natural e ambiental da conca do río Mandeo.

Ofrece unha exposición permanente e interactiva, na que tamén se amosan datos sobre os indicadores da calidade da auga.

Conta con espazos didácticos e ferramentas audiovisuais para coñecer o ciclo da auga.



28

## Chelo

O lugar de Chelo, situado a carón do cauce do río Mandeo e ao pé do monte Espenuca, é un espazo natural de especial interese paisaxístico, cunha vexetación e unha fauna moi variadas e abundantes. Destaca como couro salmoneiro.

Este lugar foi declarado como “Paraje Pintoresco” no ano 1972, pola súa incomparable beleza.



2





## Coto de pesca de Chelo

O coto de pesca de Chelo é moi coñecido dos amantes da pesca polos exemplares de salmón e de reo que se poden capturar.

A pesca no coto está xestionada pola “Sociedade de Pescadores Río Mandeo” creada no ano 1999. Nas beiras da canle existen zonas accesibles a persoas con mobilidade reducida co fin de facilitarlles a práctica deste deporte.



Imaxe: La Voz de Galicia (12-11-2000)

## A nota histórica

Chelo foi durante moitos anos o lugar elixido por Francisco Franco para as súas xornadas de pesca de salmóns e reos, a quen acompañaba o gardarríos e veciño de Colantres, José Manso Vázquez “Lindrín”, que se encargaba de que ninguén pescara no río durante quince días antes da chegada do dictador.

29

### Ruta de Chelo á minicentral do Zarzo

Ruta media (6,3 kms. ida e volta)

Desde o lugar de Chelo coller o camiño que vai pola beira dereita río arriba ata chegar á minicentral do Zarzo, onde cruzaremos por unha pasarela e faremos a ruta de volta pola beira de Paderne, río abaixo.

### Ruta da Ponte de Teixeira a Chelo

Ruta curta (2,5 kms. ida e volta)

Desde a Ponte de Teixeira, que une aos concellos de Coirós e Paderne, coller a pista forestal que sobe ao longo do Mandeo pola beira de Paderne ata o lugar de Chelo.







## Muíños de Chelo

Os coñecidos como “Muíños de Chelo” foron no seu día un dos exemplos máis salientables do aproveitamento da auga como forza motriz para a moenda do gran.

Foron construídos a finais do século XIX por un industrial betanceiro. Posteriormente pasaron a mans dunha familia de Coirós que os mantivo en funcionamento como “muiños de maquia” até o seu peche definitivo a mediados do s. XX.

## Sabias que...

O último muiñeiro de Chelo, Gerardo Vázquez Bellón, posuía unha pequena embarcación coa que prestaba de xeito desinteresado o servizo de paso entre unha beira e outra do río Mandeo, para os usuarios do muiño e o resto dos veciños de Paderne e Irixoa.

Contaba con un cable amarrado a árbores en ambos extremos do río que lle servía de guía e apoio para atravesar a corrente de auga.




Foto: Alberto Martí Villardefrancos.  
Cedida pola familia Vázquez Varela





## Antiga escola unitaria

Este edificio situado na marxe dereita na N-6 (dirección Betanzos) no lugar de Queirís foi construído na década de 1960 con destino a escola unitaria.

Ademais da aula de ensino situada na planta baixa, tiña vivenda destinada ao docente na planta alta. Hoxe en día forma parte do patrimonio municipal onde ten a sede social a A.C.R. Colantres.

## Sabías que...

En Colantres houbo unha saga de famosos gaiteiros, a familia dos Manso, que se estende desde finais do século XIX ata ben entrado o século XX e que remata co último gaiteiro desta familia, Francisco Manso Barrós, coñecido como “O Cafú”.

Ao longo da súa traxectoria musical participaron en diversos actos e concursos, acadando numerosos premios e recoñecementos.



## A.C.R. Colantres

A Asociación Cultural e Recreativa Colantres, iniciou a súa andadura en decembro de 1985.

Desenvolve diversas actividades de tipo cultural e asociativo dentro do seu ámbito, sendo moi activa na recuperación do folclore e tradicións galegas.







## Lugar do Mende

A carón do río Mendo, que separa os concellos de Coirós e Oza-Cesuras, atoparemos o lugar de O Mende, un recuncho de singular beleza onde gozar da natureza en estado puro.

Antigamente neste lugar, aproveitando a forza da auga, funcionaban varios “muiños de maquia”, hoxe en día sen actividade, restaurados e reconvertidos en vivendas unifamiliares.

## Vista xeral de Queirís







### Casa dos Noche

Establecemento rural situado no núcleo de Colantres. Conta con dormitorios dotados de tódalas comodidades e un amplo xardín con merendeiro e barbacoa. Dispón de Wifi gratuito.



## Onde durmir...

### La Casona de Betanzos

Aloxamento con cuartos temáticos que dispoñen de baño, televisión e calefacción. Conta con parking e wifi gratuitos e dispón de servizo de traslado para peregrinos.



## Onde comer...

### Taberna 1934

Bar e casa de comidas, especialidade en tortilla de Betanzos. Racións típicas combinadas con platos únicos elaborados con produtos da terra. Ampla terraza exterior.



## Onde comprar...

### Agropesca Rafa

Comercial agrícola e material de pesca. Ofrece unha diversidade de artigos como abonos, piensos, polos e galiñas, sementes, plantas, cereais, patacas, xardinería, roupa de traballo,...





## Onde comprar...

### Maskesueños

Amplia variedade de artigos para o descanso: somieres, bases tapizadas, canapés con arcón. Decoración de interiores, cadros, alfombras, butacas, velas... Tamén ten tenda en Betanzos.



## Vista xeral de Colantres





An aerial photograph of a town in Galicia, Spain. The image shows a central intersection of two asphalt roads. Several two-story buildings with white walls and red-tiled roofs are visible. The surrounding area includes green fields, trees, and more residential buildings in the distance. A dark green banner is overlaid at the top of the image.

# San Xulián de Coirós

## Parroquia de SAN XULIÁN DE COIRÓS



San Xulián de Coirós ten unha extensión de 6,2 km<sup>2</sup> que representan o 18,90% do total municipal. Nela atópase a capital do concello, a casa consistorial e os servizos administrativos.

Os núcleos poboacionais son: Bullo, Casela, Coirós de Abaixo, Coirós de Arriba, Os Chas, Espenuca e Meixonfrío.

36



**cómo chegar**

Os núcleos principais de san Xulián de Coirós atópanse na estrada N-6 entre os puntos quilométricos 567,5 e 569.





1



Templo románico dunha soa nave con ábside rectangular e bóveda de canón apuntada. Posterior á súa construción, datada a finais do s. XII, xuntouse unha sacristía no muro meridional do presbiterio. Os muros, realizados en pedra granítica ben traballada, contan con contrafortes e saeteras.

O acceso realízase por tres portas rematadas en arcos de medio punto, aínda que só se conservan dúas, a da fachada principal e a dun lateral, xa que a do outro lateral foi tapiada.

No interior o acceso ao presbiterio faise a través dun arco triunfal apuntado, dobrado e de sección prismática.

Destaca a presenza pola parte exterior do ábside dunha ventá de medio punto rematada por dúas arquivoltas.

## Igrexa

A igrexa de San Xulián de Coirós foi matriz da de Santa Mariña de Lesa, dependendo tamén dela a de Santa Aia de Espenuca trala súa supresión como parroquia. O Padroado do Beneficio desta igrexa pertenceu á familia Pardo de Cela, quen exercía o dereito de presentación desde o século XVII, sendo a última Patroa a escritora Emilia Pardo Bazán.



## Casa do Concello

Está situada á beira da estrada N-6, na marxe esquerda dirección Coruña, no lugar coñecido como O Cruceiro.

É un edificio de planta rectangular con tellado a catro augas no que se abren catro bufardas.

A construción, realizada no ano 1860, foi destinada para casa portádego de Coirós e nela, ademáis das dependencias propias do portádego, estaban as vivendas do persoal que o atendía.

No ano 1874 o edificio pasou a mans do concello para destinalo a casa consistorial, escola, vivenda para o mestre, xulgado e dependencias administrativas.

Hoxe en día está dedicado a despacho da alcaldía, oficinas municipais, salón de sesións e sede do xulgado de paz.



3

## Área recreativa

No lugar coñecido como “Agra das Cortiñas”, a escasos 200 m. da estrada N-6, atópase esta área recreativa, onde se celebran as verbenas das festas patronais.

### Sabías que...

Coirós celebra as festas patronais na honra do Santísimo no primeiro fin de semana de agosto.



## Casa reitoral

Situada no lugar de Coirós de Abaixo, esta edificación que data do século XVII, pertence á arquitectura tradicional galega. Ten planta rectangular e tellado a catro augas con tella do país. Esta reitoral estivo moito tempo deshabitada, pero hoxe en día é utilizada polo crego da parroquia como vivenda. Conta con un terreo duns tres ferrados dedicado a horta.



## Residencia para persoas maiores “Fonte do Santo”



Pequena residencia especializada no cuidado das persoas maiores. Conta cun edificio de 1.500 m<sup>2</sup> situado nunha ampla finca con zona axardinada, cunha capacidade para 32 residentes. Ademais dos servizos de enfermaría, ximnasio e sala de terapia ocupacional, ofrece outros opcionais como podoloxía ou perruquería.



## Farmacia

### Farmacia Tañá Ferreiro

Farmacia e óptica, situada á beira da estrada N-6, con máis de 30 anos de experiencia no sector farmacéutico. Contan con servizo online as 24 horas.



## Estación de servizo

### bp Coirós

Gasolineira situada na N-6, P.K. 567, dirección A Coruña. Conta con servizo de lavado a presión, aspiración, tenda, aseos e unha ampla zona de aparcadoiro.



40

## Onde comer...

### Casa Tomé

A casa da tortilla feita de xeito tradicional. Situada na aldea de Coirós de Abaixo, ofrece ademais da típica tortilla, outros produtos típicos galegos, como chourizo e queixo do país.



### El Caserío de Tión

Situado á beira da estrada N-6 no lugar de Os Chas, o edificio que no seu día foi a escola construída polos emigrantes de Coirós en Bos Aires, alberga este restaurante especializado en comida tradicional. Conta con cafetería, comedor e amplas terrazas. Tamén fai comida para levar.







### Talleres Vara

Mecánica rápida e venda de neumáticos.  
Venta de maquinaria forestal,  
agrícola e industrial.  
Servizos forestais: desbroces e  
mantemento de fincas.



## Empresas de automoción

### Cortés Automoción

Empresa dedicada á compra e venda de  
automóviles de segunda man e ocasión.  
Vehículos multimarca.



## Panorámica de Coirós desde Espenuca



# Espenuca



42



*Espenuca arredor de 1920 (Imaxe: ARG)*

Espenuca foi parroquia independente ata o ano 1867 en que mediante un arranxo eclesiástico foi anexionada a San Xulián de Coirós. Aínda así, representa un enclave singular, tanto pola súa historia como polo seu valor paisaxístico.

Na época do emperador romano Constantino (306-337) construíuse alí unha igrexa, que sería destruída polos visigodos a comezos do século V e volta a erguer no século IX. Da mesma época sería un castelo pertencente ao conde don Rodrigo Pérez de Traba e que posteriormente en 1130 pasaría a mans da igrexa de compostela por doazón daquel. O arcebispo de Santiago mandaría derrubar todo o conxunto para edificar a actual igrexa xa no século XII. Ao valor paisaxístico de Espenuca contribúe todo o entorno da igrexa e cemiterio parroquial e o seu “mirador”, un lugar privilexiado desde o que se divisa boa parte da comarca de As Mariñas e que vale a pena visitar devagar.



## Santa Eulalia de Espenuca

A ermida de Santa Eulalia de Espenuca, tamén chamada Baia ou Aia, é un templo románico de reducidas dimensións. Carece de espadaña integrada e ten unha pequena nave e un ábside rectangular.

Debido ao desnivel do terreo o acceso á nave fíxose rebaixando a rocha en forma de chanzos. No interior o acceso ao presbiterio realízase a través dun arco triunfal de medio punto.

Debaixo dos topetes dispóñense “canecillos” de decoración variada, entre os que destaca un coa cabeza dun carneiro.

O campanario desta igrexa atópase illado da mesma e situado no mirador.




### Sabías que...

Espenuca celebra a romaría a Virxe dos Remedios o 8 de setembro.

As festas patronais na honra de Santa Aia son o 10 de decembro.





Xunta de Galicia. Consellería de Cultura.  
Servizo de Arquitectura da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

Este conxunto, formado pola casa e outras edificacións auxiliares, é un bo exemplo de arquitectura residencial. Encádrase dentro das denominadas “Casas Grandes”, semellantes aos pequenos pazos galegos. Destacan dúas galerías de madeira de grandes dimensións e unha cheminea de gran tamaño. Hoxe en día está en estado de abandono.

Pertence á familia Corral de fondo arraigamento no concello. Entre os seus membros cóntanse, entre os séculos XIX e XX, médicos, militares, eclesiásticos ou políticos.

44

Formando parte do conxunto da Casa Corral, atópase este singular hórreo en forma de “L” para adaptarse ao ángulo que forma o peche da finca co camiño.

De considerables dimensións, está feito en pedra e madeira, asentado sobre cepas de cantería ben labrada e colocado sobre o muro de cachotería que pecha o conxunto.



### Capela de Espenuca

A escasos metros do conxunto da Casa Corral érguese esta pequena capela con planta dunha soa nave, cuxa construción exterior é moi simple e na que destaca un forte campanario de tres arcos con grandes cornisas. A súa fachada é lisa con un deseño armónico. A súa construción pode situarse no século XIX.

Primitivamente pertenceu a familia Corral.







## Parque infantil e campo da festa

Á beira da estrada provincial CP-2702 no lugar de O Bullo sitúase o parque infantil e campo da festa de Espenuca.

Conta cunha zona de xogos para os máis pequenos e un cobertizo no que os veciños realizan diversos eventos sociais ao longo do ano.

## Onde comer...

### Restaurante La Paz

Restaurante de comida tradicional con máis de 50 anos de experiencia. Conta con amplos e luminosos comedores, cafetería e terraza.

As instalacións están adaptadas a persoas con mobilidade reducida. Tamén fan comida por encargo para levar. Restaurante adherido á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas .



## Panorámica do río Mandeo, cuberto de brétema, ao seu paso ao pé de Espenuca



*Antes debí visitarla, ¡oh bendita Santa Aya de Espenuca!  
porque eres de lo más arcaico, de lo más respetable,  
de lo más candoroso y tradicional de esta encantada región.*

*Emilia Pardo Bazán*





# Santa Mariña de Lesa



## Parroquia de SANTA MARIÑA DE LESA




Santa Mariña de Lesa cunha extensión de 3,1 km<sup>2</sup> representa o 9,45% do total do termo municipal.

Os núcleos poboacionais son: Figueiras, Lapela, Lesa, Merille e Souto.

Nela atópase o nó de comunicación entre a estrada N-6 e a autovía A-6

48



**cómo chegar**

A parroquia de Santa Mariña de Lesa atópase nas inmediacións do punto km. 567 da estrada N-6, no enlace coa autovía A-6.





## Igrexa

A igrexa de Santa Mariña de Lesa é un dos mellores exemplos no que se pode observar a transición do estilo románico rural dos séculos XII e XIII ao estilo gótico

Este templo ten unha soa nave de planta rectangular coa sacristía adosada nun lateral da mesma. A cuberta da nave é a dúas augas, mentres que a da cabeceira é a tres e a da sacristía a unha auga. Ademais da porta principal situada na fachada, conta con outra nun dos laterais rematada cun tímpano adornado con cruz de brazos iguais e o monograma de Cristo tallado na pedra.

O presbiterio ten dous arcos e bóveda apuntada. Do estilo románico son os catorce canzoros que conserva e o estilo gótico amósase no engadido da nave da bóveda que é de crucería.

49

## Nota histórica

A igrexa de Santa Mariña de Lesa foi anexa á de San Xiao de Coirós e servida polo mesmo cura. Desde o século XVII o Padroado destas dúas igrexas pertenceu aos Pardo de Cela, unha familia fidalga de Coirós antepasados da escritora Emilia Pardo Bazán. Algúns membros eclesiásticos desta familia estiveron á fronte das feligresías durante varios anos. No século XVIII a feligresía estaba incluída no Coto e Xurisdición de San Pedro de Oza e era de Señorío do Real Mosteiro de San Martín de Santiago de Compostela.





## Área recreativa

A carón da igrexa e cemiterio parroquiais atópase a área recreativa e campo da festa de Lesa. Un amplo espazo que, ademais, serve de aparcadoiro para os asistentes aos actos relixiosos.

Conta con unha ampla estrutura cuberta onde os veciños celebran varias festas gastronómicas e lúdicas.

## Sabías que...

Lesa celebra as súas festas no mes de xullo pola Santa Mariña.







## Antiga escola

O edificio da antiga escola unitaria, que estivo en funcionamento ata finais da década dos anos 80 do s. XX, está situado na aldea de Figueiras, pertence ao concello e hoxe en día está dedicado a centro social da parroquia.

Nel ten a súa sede social a asociación xuvenil “A Cabarca” e tamén a “Sociedade de Cazadores Pedrapartida”.

## Ponte dos Cabalos

Situada sobre o río Mendo, que fai fronteira natural entre os concellos de Oza-Cesuras e Coirós, atópase esta ponte na estrada provincial DP-2703 que partindo da N-6 no lugar de A Lapela, une os dous concellos.

Foi construída no ano 1846 sendo Alcalde de Coirós, José Vázquez.



## Muiño do Xico

Este antigo muiño de maquia situado sobre o río Mendo foi reconstruído a finais dos anos setenta do século XX e reconvertido en vivenda unifamiliar, respectando a súa singular e orixinaria construción.

Atópase nun enclave único enmarcado pola propia natureza que o fai envexable como remanso de tranquilidade.




## Xacemento arqueolóxico “Pena Furada”

A uns 800 metros da igrexa de Santa Mariña de Lesa, nun outeiro do monte de Figueiras, atópase este santuario rupestre galaicoromano, no que destaca a presenza dun antropomorfo denominado “A Moura” que representa unha figura feminina que simboliza a fertilidade.



52



2



3



## Reserva do Catorce

Esta microrreserva de anfibios está situada no lugar de Figueiras e ocupa unha superficie de 38.527 m<sup>2</sup>, a maior parte é unha antiga canteira de granito abandonada.

Nela habitan amplas poboacións de anfibios como a Salamandra común ou o Sapo partero, así como reptís como o Eslizón tridáctilo ibérico ou o Lagarto ocelado.





## Urbanización Pedrapartida

No lugar de Pedrapartida sitúase esta urbanización formada por un total de dezaseis vivendas unifamiliares de promoción pública construídas pola Xunta de Galicia, unhas en réxime de aluguer e outras en réxime de compra. A urbanización atópase a escasos metros do centro de saúde e das escolas infantís do concello.



## Enlace coa Autovía A6

No lugar da Lapela, punto quilométrico 566,700 da N-6, está o enlace desta estrada coa Autovía A-6.

Saída 560 da A-6

O tramo Montesalgueiro-Coirós foi inaugurado o 20 de decembro de 1995 e o tramo Coirós-Arteixo en febreiro de 1996.







## Fonte en Merille

No lugar de Merille conservase unha antiga fonte e un lavadoiro, dotado de cuberta. Ao igual que no resto das parroquias do concello as fontes foron no seu día un dos bens máis prezados polos veciños. Nuns tempos nos que non se dispoñía de auga corrente nas vivendas, estas fontes proporcionaban o caudal suficiente para o consumo humano, dos animais e para o lavado da roupa.



## Gatocán

No monte de Figueiras, a escasos metros da estrada N6 e preto do xacemento de Pena Furada, encóntrase esta Asociación Protectora de Animais (APA), declarada de Utilidade Pública pola Xunta de Galicia.



## Onde comer...

### Mesón Buffet 3B

Situado no enlace da N-6 coa autovía A-6, este bar de tapas e restaurante ofrece un amplo e variado menú do día. Dispón de aparcadoiro propio, bar, comedor interior e terraza.





# Santiago de Ois

An aerial photograph of the village of Santiago de Ois. The foreground shows green fields and a road. The middle ground is filled with various houses, some with red-tiled roofs and others with grey roofs. A large, dense forest of tall, thin trees covers the hillside in the background. The sky is clear and blue.


## Parroquia de SANTIAGO DE OIS



A parroquia de Santiago de Ois con unha extensión de 4,3 km<sup>2</sup> ocupa o 13,11% do territorio do concello. Está situada ao NE do mesmo. Ao Sul atópase delimitada pola trazado da autoestrada A-6 e ao NE polo río Mandeo.

Conta con tres entidades de poboación: Caresma, Casal e Combarro

56



**cómo chegar**

Desde a estrada N-6 coller a estrada provincial DP-0301.  
A 500 mts. (Castrillón), desvío cara a estrada DP-2702




## Igrexa

Construído na segunda metade do s. XII, este templo románico de reducidas dimensións, ten unha planta de nave e ábside rectangular únicos. Á estrutura románica primitiva adosouse posteriormente unha sacristía. Os muros son de granito, nunhas partes realizados con sillería perfectamente escuadrada e noutras con pezas graníticas irregulares.

No interior o acceso ao presbiterio faise mediante un arco triunfal de medio punto de sección prismática, apoiado sobre semicolumnas de corto fuste.



## Cruces antefixas



Dúas cruces antefixas coroa os muros desta igrexa: unha delas situada no piñón do ábside e a outra na cabeceira da nave, que descansa sobre o lombo dun carneiro.



Ámbalas dúas foron debuxadas por Castelao e figuran no seu libro “As cruces de pedra na Galiza”.

Situado na explanada que da acceso á igrexa, atopamos este cruceiro. Construído en granito, conta cunha plataforma cuadrangular de tres gradas, salvando o desnivel do terreo.

Sobre o pedestal cuadrangular aséntase unha columna octogonal lisa. O capitel é tamén cuadrangular de escasa altura e sen adornos. A cruz latina é lisa, ten sección octogonal e carece de imaxes. Está dotado de “pousadoiro” sobre dobre peana.



## Cruceiro

Esta fortaleza militar pertenceu aos Andrade, concretamente a Pedro de Andrade, por herdanza do seu pai Fernán Pérez de Andrade.

Descríbuna Ángel del Castillo no ano 1913 do seguinte xeito:

*“Tiene casi la forma de óvalo, aunque los lados corren paralelos y sólo buscan la curva hacia los extremos; cerca se ven los restos y cimientos de otros muros cuyas líneas difícilmente se siguen y cuyo objeto no es fácil deducir. Hacia el N.O. es donde conserva la mayor altura, lo que llamaremos “cerca”, aunque sin afirmar que lo haya sido, midiendo de 6 a 7 metros, pero en los lados S. y E. hállase totalmente destruída. Los muros son bastante resistentes, pues miden un grueso de 2’20 metros, teniendo la “cerca” en el eje mayor, que va de N. a S., una longitud de 21 metros, y en el menor 18 metros. Es de sillares aparejados irregularmente, y tiene alguna que otra saetera rasgando sus muros”.*

## Castelo da Mota



## Casa Golpe

Edificación tradicional, do século XVIII, situada no lugar do Casal.

No Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Coirós, está catalogada como “Ben Protexido”. Destaca principalmente polas súas dimensións e os seus muros de cantería ben traballada.

Pertence á familia Golpe, de profunda raigame no concello o que nos suxire certa importancia da familia dentro do núcleo. Nela habitaron homes destacados na vida municipal de Coirós, como foi José Golpe Sánchez, quen ocupou o cargo de Alcalde a finais do século XIX e foi un próspero comerciante local.

A edificación tamén albergou a primeira escola da parroquia creada en 1918.





## Antiga escola

Este edificio destinado a escola mixta e a vivenda do mestre, foi construído na década dos anos 50 do s. XX, sobre un solar adquirido polos veciños da parroquia, que logo despois doaron ao concello para a súa construción.

Ten unha superficie aproximada de 247 m<sup>2</sup> e está situada no centro da parroquia. Prestou servizo de ensino ata mediados da década dos ano 70 do século XX en que foron concentrados os escolares do concello no centro comarcal de Betanzos. Actualmente é unha instalación municipal destinada a usos sociais da parroquia.

## Sabías que...

As Festas Patronais de Santiago de Ois celébranse o 25 de xullo, día do Santiago Apóstolo.

## Área recreativa e deportiva

Santiago de Ois conta cunha área recreativa para a práctica do deporte e lecer.

Esta área conta con campo de fútbol dotado de vestiarios, pista polideportiva, zona de xogos infantís, campo para festa e local social.





Fonte do Casal



## Fontes e lavadoiros

En Santiago de Ois atopamos varias fontes e lavadoiros que se conservan en bo estado, como as do Casal, a de Mardois, a da Cal ou a do Ánxel.

Están repartidas pola parroquia e as súas augas seguen a ser moi valoradas polos veciños, aínda que coas traídas veciñais e a creación do Servizo Municipal de Auga foi mermando o seu uso ao longo do tempo.

## Aldea de Caresma





## Capela de San Brais

Sinxela construción feita de cachotería do país. No exterior non ten ningún adorno agás unha cruz que preside o cume na fachada principal. O seu interior conta cunha sinxela mesa de altar apegada a unha das paredes.

Foi construída no século XVIII por mandado do presbítero natural de Caresma Diego González Valledepaz, quen fora Vicario das monxas Capuchinas de Betanzos. No seu testamento deixou mandado que tódolos anos se dixese unha misa pola festividade do san Brais.

A edificación é propiedade da familia González Pérez, do lugar de Caresma.

Cada ano no día de san Brais a familia González abre as súas portas para cumprir co mandado do presbítero e que poida ser visitada polos moitos devotos deste santo avogoso das enfermidades da gorxa.



4



61



Año de 1777  
ESTA OBRA LA HIZO D. BLAS  
DE RIBA PRO VoENO DE ESTE LUGAR







## Produtores agroalimentarios

### Agrodayca

Empresa hortícola, vitivinícola e gandeira con sede na aldea de Caresma. Comercializa produtos da horta de cultivo propio. Elaboración de viño propio da zona de Betanzos e cría de bois de Galicia. Venden a particulares, maioristas e minoristas.

Empresa adherida á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.



## Paisaxes de interese

Lugares como as Balsas, Porto Bo ou As Pías, no río Mandeo, teñen un alto interese ambiental e paisaxístico.

Hai unha ruta de sendeirismo que percorre as ribeiras deste río:

Ruta Ambalasaugas - Pías SM.08

## As Balsas, río Mandeo





A photograph of the bell tower of the church of Santa María de Ois. The tower is silhouetted against a clear blue sky. It features a central arched opening at the top and two smaller arched openings below, each containing a bell. The tower is flanked by decorative finials. Bare tree branches are visible in the foreground and background, creating a complex pattern of lines. A yellow banner with the text "Santa María de Ois" is positioned in the upper right. A small yellow box with the number "63" is located on the right side of the image.


# Santa María de Ois

# Parroquia de SANTA MARÍA DE OIS



Santa María de Ois é a parroquia máis extensa do concello, situándose ao Sur do mesmo. Os seus 16,2 km<sup>2</sup> representan o 49,39% do total municipal.

Os núcleos poboacionais son: Anta, Berbecha, Castrillón, A Costa, Fontelo, Loureiros, Parada, As Penas, Recebés e Xora.



Si ves pola Autovía A-6 colle a saída 560 (Coirós-Betanzos). Xa na N-6 colle dirección Lugo-Madrid. A uns dous quilómetros estarás en Ois

**cómo chegar**






## Igrexa

Igrexa románica do século XII que debe a súa construción ao presbitero Pelagius en 1183. Dunha soa nave e ábside rectangular. Está cuberta a dúas augas con tella do país. Nos aleros poden verse varios canecillos con motivos diversos. A sancristía foi anexionada posteriormente.

### Sabías que...

Un incendio en setembro de 1967 destruíu por completo o templo. Os veciños colaboraron co seu traballo e con achegas en metálico para a súa reconstrución.



Neste templo hai dúas cruces antefixas: unha delas situada no piñón do ábside e a outra no testeiro da nave.

Este cruceiro, de granito do país, está situado no atrio da igrexa parroquial. Conta cunha columna de sección cuadrangular coas arestas rebaixadas. Nunha das caras da columna incrustase a imaxe de san Marcos. O capitel, de traza neoclásica, é cuadrangular e sobre del atópase unha cruz cos paus cilíndricos. No anverso da cruz represéntase a Cristo crucificado baixo o letreiro de INRI. No reverso da cruz represéntase á Virxe coroada e cun amplo manto. O cruceiro conta cunha mesa ou pousadoiro colocado sobre dobre peana.



## S.C.R.D. Fillos de Ois



### Historia

O edificio foi construído en 1930 polos emigrantes da parroquia de Santa María de Ois, residentes en Bos Aires (Arxentina), con destino a escola de nenos e nenas.

Inaugurouse en 1933 e estivo en funcionamento ata a década de 1970, cando se trasladaron os escolares ao Centro Comarcal de Betanzos.

En 1982, converteuse na sede social da Sociedade Fillos de Ois.

O edificio da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois atópase a carón da estrada N-6, no lugar do Fontelo, na marxe esquerda en dirección a Lugo. Alberga na actualidade as oficinas sociais, biblioteca, sala de usos múltiples, bar social e outros locais para actividades.

As instalacións complétanse cun espazo aberto anexo onde se veñen celebrando as festas patronais da parroquia e outros actos ao aire libre. A Sociedade Fillos de Ois ven realizando desde 1982 multitude de actividades, no eido social e cultural como conferencias, edición de obras literarias, exposicións ou actuacións artísticas. Destaca a edición periódica da publicación, que co nome de "As 4 aldeas", recolle a vida social da entidade e diversos artigos sobre temas de interese local e comarcal.







## Pavillón polideportivo

A carón das instalacións da Sociedade Fillos de Ois, atópase o pavillón municipal. Unha estrutura cuberta e dotada de gradas.



## Parques infantil e biosaudable

Xunto ao Pavillón Polideportivo hai un parque infantil dotado de diversos elementos de xogo e un parque biosaudable con aparellos para o exercicio físico.



## Petróglifos Fonte do Oso

O conxunto de petróglifos da Fonte do Oso pódese datar na Idade do Bronce. Está nunha rocha granítica 11 x 2 metros e trátase de tres combinacións circulares e sete cazoletas. A rocha aparece bastante erosionada porque foi antigamente un camiño. É, sen dúbida, o gravado máis interesante da parroquia. Hai máis petróglifos próximos e noutras zonas de Santa María de Ois, pero os restantes están formados por cazoletas, salvo os de Río Seco que apenas se aprecian a simple vista pola forte erosión da rocha que os sustenta.



Imaxe: Anuario Brigantino 1998, nº 21.



Imaxe: Antón Fernández Malde

3

Cunha superficie de 125 hectáreas, este monte foi catalogado como Veciñal en Man Común pertencente aos veciños da parroquia de Santa María de Ois por Sentenza de 2009. Actualmente está xestionado pola Comunidade de Montes e con aproveitamento de plantacións que combinan diversas especies arbóreas.



## Monte Veciñal “Recebés ou Costa do Sal”

### Residencia da terceira idade

No lugar de Parada, a carón da estrada DP-0301, está a residencia xeriátrica "Santa María de Ois". Un centro dedicado á atención ás persoas da terceira idade. Dispón de 59 plazas para residentes permanentes, distribuídas entre habitacións dobres e individuais, todas con baño individual.







## Qué ver...

A **Ruta do río dos dous nomes** é unha ruta circular, de pouco mais de 3 km, que percorre as marxes do río Vexo ou Fervenzas. Ten o seu inicio e remate na área recreativa da Ponte de Xora.

A ruta foi homologada como PR-G 35, en abril de 2002, polo Grupo Scout “Castro de Unta”.

No seu percorrido pódense observar restos de muiños de diversa tipoloxía, dun batán, dun machuco e unha minicentral.



O **Machuco de Ois** é unha antiga ferrería dunha dimensión considerable. O seu tamaño fai pensar que debeu de ter durante o período de actividade unha importante produción. A construción dispónse paralela ó río e a un nivel inferior á presa da que se levaba a auga por unha canle ata o banzado. Deste caía dende unha altura duns 7 metros ó rodicio e así facía funcionar o mazo. Paralelo ao banzado tamén se atopa a trompa ou chifrón, polo que caía unha corrente de auga ata unha cámara que subministraba unha corrente de aire que alimentaba a forxa.





## Sabías que...

As Festas Patronais de Santa María de Ois son o 15 de agosto, data da celebración da patroa Santa María.



## Romaría do Frai Pedro

A **Romaría do Frai Pedro** celébrase nos tres domingos seguintes ao de Pascua.

Réndese culto ao frade dominico Pedro de Santa María y Ulloa, coñecido como Pedro Manzanos, nado no lugar de Castrillón, desta parroquia, aló polo ano de 1642.

Os seus restos están soterrados na cidade de Sevilla, onde foi coñecido como “O Apóstolo do Rosario”.

Ata a igrexa de Santa María de Ois achéganse xentes de toda a comarca con ofrendas a este frade que, aínda que non foi canonizado, é venerado como un santo.

Hoxe en día a romaría xa non ten a convocatoria que tivo a comezos do século XX, onde, ademais dos actos relixiosos, celebrábase unha autentica festa, con orquestra, tómbola, tiro, lanchiñas e outras diversións.





## Onde comer...

### **Parrillada Barral.**

Restaurante familiar que abriu en 1980. Ten como especialidade carnes á brasa e comida caseira.

Pechan todos os sábados, excepto festivos.

Ofrece comida para levar e por encargo. Menú variado, saboroso e con prezos asequibles.



### **Bar Sociedade Fillos de Ois - Pulpeira Rey**


No baixo do edificio social da SCRD Fillos de Ois atópase un Bar que ofrece o seu servizo a socios, veciños e visitantes.

Ofrece unha ampla variedade de tapas como o polbo, lacón cocido ao viño e tripas, que poden ser acompañadas con cachelos.



## Panorámica de Santa María de Ois desde o Pico da Felga





*Los Caneiros, Chelo, Espenuca,  
serían proyecciones posteriores capaces  
de confirmar la grandiosidad de los  
pinceles celestiales.*

*El mago de Foz*





## Onde comer



### Restaurante-Parrillada Barral

Lg. Parada 9 - Santa María de Ois  
Tfn. 981 79 66 07



### Buffet 3b

Lg. Lapela 12- Santa Mariña de Lesa  
Tfn. 655 20 35 73



### El Caserío de Tión

Lg. Os Chas 5- San Xulián de Coirós  
Tfn. 981 97 05 41



### Restaurante La Paz

Lg. A Espenuca 3 - San Xulián de Coirós  
Tfn. 981 79 63 27



### Casa Tomé

Lg. Coirós de Abaixo 10 - San Xulián de Coirós  
Tfn. 675 92 85 41



## De bares



### Bar Sociedade Fillos de Ois - Pulpeira Rey

Lg. Fontelo 37 - Santa María de Ois  
Tfn. 641 87 26 52



### Taberna 1934

Lg. Queirís 27-A - San Salvador de Colantres  
Tfn. 665 58 09 94



*Poderá atopar mais información de cada establecemento no capítulo correspondente da parroquia onde está ubicado.*



## Onde mercar



### Agropesca Rafa

Lg. Queirís 63 - San Salvador de Colantres  
Tfn. 981 79 66 45 - [www.agropescarafa.com](http://www.agropescarafa.com)



### Maskesueños

Lg. Colantres 24 - San Salvador de Colantres  
Tfn. 981 77 62 15 - [www.mksdescanso.com](http://www.mksdescanso.com)



### Agrodayca

Lg. Caresma 8 - Santiago de Ois  
Tfn. 637 07 20 37



### Cortés Automoción

Lg. A Casela s/n - San Xulián de Coirós  
Tfn. 670 58 00 30



74

## Onde durmir



### Casa dos Noche

Lg. Colantres 38 - San Salvador de Colantres  
Tfn. 647 97 17 20



### La Casona de Betanzos

Lg. Queirís 60 - San Salvador de Colantres  
Tfn. 655 17 83 84



## Centros de maiores



### Centro Xeriátrico de Ois

Lugar Parada, s/n. Santa María de Ois  
Teléfono: 981 796 432



### Residencia Fonte do Santo

Lugar de Fonte Xoan - Estrada de Espenuca  
Teléfono: 981 776 261







## Outros servizos



### Farmacia Tañá Ferreiro

Lg. Coirós Arriba 27 A - San Xulián de Coirós  
Tfn. 981 79 63 04 - [www.farmaciacoiros.es](http://www.farmaciacoiros.es)



### Talleres Vara

Lg. A Casela s/n - San Xulián de Coirós  
Tfn. 981 79 60 38



### Taxi Marta Paz

Lg. Coirós de Abaixo - San Xulián de Coirós  
Tfn. 657 25 20 44



### Estación de Servicio BP

Lg. Coirós Arriba 95 - San Xulián de Coirós  
Tfn. 981 79 64 23



## Servizos municipais, colexio, centro de saúde ...



### Concello de Coirós

Coiros de Arriba, 16 - San Xulián de Coirós  
Tfn. 981 79 64 14



### Servizo Municipal de Augas - Espina & Delfín

Coiros de Arriba, 16 - San Xulián de Coirós  
Tfn. 981 78 56 06 - Urxencias: 609 820 276



### Escola de Educación Infantil de Coirós

Figueiras, 30A - Santa Mariña de Lesa  
Tfn. 639 70 98 95



### Centro de Saúde de Coirós

Lugar Figueiras s/n - Santa Mariña de Lesa  
Tfn. 981956506





## Reserva de Biosfera

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas foi promovida pola Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”, contando co apoio da Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, así como dos dezasete concellos que conforman este territorio: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza - Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

A aprobación definitiva desta Reserva de Biosfera pola UNESCO, tivo lugar en París o día 28 de maio de 2013. Abrangue un total de 116.724 ha (113.969,7 ha terrestres e 2.754,6 ha mariñas), que representa o 14,33% da superficie da provincia da Coruña.



[turismo.marinasbetanzos.gal](http://turismo.marinasbetanzos.gal)

A visión da Reserva de Biosfera é a posta en valor do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partires do noso patrimonio natural, cultural, etnográfico e do fomento da cohesión social.

**Trátase do Primeiro Destino de Ecoturismo Certificado de Galicia** e conta cunha Marca de Calidade propia, **amparada pola UNESCO** que certifica en calidade e sostibilidade o seu sector turístico e os produtos locais, facilitando a introdución e diferenciación dos produtos locais, engadindo valor, promocionando e difundindo os recursos que potencien as actividades económicas tradicionais e a economía social no marco do territorio amparado pola Reserva de Biosfera, que tamén ofrece ao empresariado local formación de cara a certificarse en **Calidade Turística** e a adhesión ao **Club de Ecoturismo de España**.



Ademáis, coa finalidade de poñer en valor e dar a coñecer os recursos naturais, culturais e etnográficos do territorio entre os máis novos, a Reserva de Biosfera desenvolve coa comunidade escolar o **Programa Educando na Biosfera**, que incorpora e oferta cada ano novas temáticas relacionadas non só co medioambiente e a natureza, senón tamén coas ciencias sociais, a igualdade, o fomento dun estilo de vida saudable, artes gráficas, cultura, historia e tradicións, posta en valor do territorio, etc.





# COIRÓS, CONCELLO DA BIOSFERA



No ano 2023 o territorio da Reserva de Biosfera foi declarado **Destino Turístico Starlight**, como un lugar idóneo para contemplar o firmamento, moitos deles en lugares de especial beleza, de gran valor natural, etnográfico e cultural, que nos permite combinar a observación dos ceos coa degustación de menús elaborados con produtos locais e de tempada realizados por cocineiras/os dos “**Restaurantes da Biosfera**”, quedarse nalgún dos “**Aloxamentos da Biosfera**”, ou realizar algunha ruta ou **experiencia de ecoturismo certificada**.



Imaxe: Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.



Web de turismo da Reserva



Guía agroalimentaria



Restaurantes e Aloxamentos da Biosfera



Guía de produtos de excelencia



## Restaurante da Biosfera

**Restaurante La Paz**

Lg. A Espenuca 3 - San Xulián de Coirós

Tfn. 981 79 63 27



## Produtos agroalimentarios

**Agrodayca**

Lg. Caresma 8 - Santiago de Ois

Tfn. 637 07 20 37



# ECOTURISMO NA BIOSFERA



## Experiencias inmersivas DA BIOSFERA

BIOSPHERE IMMERSIVE EXPERIENCES



360°



EXPERIENCIAS DA BIOSFERA  
...cinco sentidos  
BIOSPHERE EXPERIENCES - FIVE SENSES

## CATAMARÁN ELÉCTRICO Experiencia náutica!

A NAUTICAL EXPERIENCE ELECTRIC CATAMARAN



EXPERIENCIAS DA BIOSFERA  
...cinco sentidos  
BIOSPHERE EXPERIENCES - FIVE SENSES



Arquivo do Reino de Galicia (A.R.G.).

<https://arquivosdegalicia.xunta.gal/es/arquivo-reino-galicia>

Arquivo Municipal de Betanzos

<http://archivomunicipal.betanzos.net>

Centro de Estudios del Románico - Fundación Santa María la Real

<https://romanicodigital.com>

Concello de Coirós

<https://concellocoiros.com/>

Deputación de A Coruña

Arquitecturas da provincia de A Coruña, Vol. XVI. Comarca de Betanzos II: Aranga, Cesuras, Coirós, Curtis, Oza dos Ríos e Vilasantar. José Ramón Soraluze Blond, Xosé Fernández Fernández

Fragas do Mandeo. Fondo de conservación da natureza das Mariñas

<http://www.fragasdomandeo.org>

Real Academia Galega

<https://academia.gal>

Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

<https://turismo.marinasetanzos.gal/>

Sociedad Cultural, Recreativa e Deportiva Fillos de Ois. As 4 aldeas

<https://www.fillosdeois.org/revista.htm>

Sociedad de Pescadores Rio Mandeo

<http://www.pescamandeo.com/>

Xunta de Galicia - SIOTUGA

PXOM Coirós - <http://siotuga.xunta.gal/siotuga/inventario>









Descubre

# Coirós

Guía Xeral

Manuel Fiaño Sánchez  
Miguel Gayoso Barreiro

